

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regula a hemodoazón e hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Real decreto 1945/1985, do 9 de outubro, regula a hemodoazón e os bancos de sangue, dado o interese público e sanitario que as súas actividades comportan. Neste sentido, o seu artigo 2 establece que a obtención, preparación e conservación, almacenamento, distribución, tráfico e subministración do sangue humano e os seus compoñentes están suxeitos ao control e dirección das administracións públicas. Por iso, dadas as competencias atribuídas no ámbito sanitario á Comunidade Autónoma polo artigo 33.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, e considerando que a utilización terapéutica do sangue como ben escaso debe ser tutelada polos poderes públicos, ditouse o Decreto 224/2002, do 20 de xuño, que adaptaba a organización funcional da hemoterapia ás novas necesidades e ao novo marco establecido.

A promulgación da Directiva europea 2002/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de xaneiro de 2003 pola que se establecen normas de calidade e de seguridade para a extracción, verificación, tratamento, almacenamento e distribución de sangue humano e os seus compoñentes, obriga os Estados membros a establecer sistemas de calidade, inspección, control, hemovixilancia e garantía de trazabilidade, definindo a súa aplicación en centros de transfusión e servizos de transfusión, obviando a obsoleta definición de bancos de sangue e depósitos hospitalarios. En consecuencia resulta necesaria a modificación expresa do Decreto 77/2001, do 29 de marzo, de regulación de centros, servizos e establecementos sanitarios que contén esta nomenclatura na clasificación recollida no artigo 2.6º.

A Lei 7/2003, de ordenación sanitaria de Galicia, do 9 de decembro, establece nos seus artigos 89, 90 e 91 as bases para un sistema hemoterápico eficiente recollendo as liñas marcadas pola directiva anteriormente citada. Desta forma substitúense as categorías de bancos e depósitos de sangue, por servizos de transfusión e constátase a necesidade de implantar un sistema de hemovixilancia e de garantía da trazabilidade dos compoñentes sanguíneos que permita satisfacer as necesidades de sangue e hemoderivados en Galicia.

Así mesmo, no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, establécense as bases xerais sobre autorización dos centros, servizos e establecementos sanitarios sendo de aplicación no ámbito deste decreto que regula a hemodoazón e hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Xorde así o presente texto, no que se intenta levar a cabo unha nova estruturación adaptada ás necesidades actuais, mantendo a Rede de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia como organización funcional da hemoterapia na Comunidade Autónoma que actuará a dous niveis: Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia, e servizos de transfusión. A través destas unidades levaranse a cabo as distintas funcións que leva consigo a organización da hemoterapia e que se recollen por-

menorizadamente no articulado do presente decreto, en concreto as referidas á obtención, preparación, tratamento, conservación, almacenamento, distribución, tráfico e subministración.

En virtude do exposto, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia 149/2005, do 13 de abril, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e un de abril de dous mil cinco,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Organización hemoterápica.

1. A Rede de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia, como sistema funcional de organización hemoterápica que, de acordo co previsto no artigo 89 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, actuará baixo os principios de calidade e seguridade, promoción altruísta da doazón e acción coordinada de todos os medios públicos e privados, apoiarse na seguinte estrutura:

- a) Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.
- b) Servizos de transfusión.

Serán órganos de carácter consultivo en materia de hemodoazón e hemoterapia:

- a) Comisión de Planificación Transfusional.
- b) Comités de transfusión e hemoderivados.

2. Os servizos de transfusión sanguínea autorizados quedarán automaticamente integrados na Rede de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia, baixo a dependencia funcional do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia e vinculados solidariamente ao cumprimento dos seus fins comúns, coordinándose e complementándose no marco xeral da planificación que estableza a consellería.

Artigo 2º.-Obxecto e natureza do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

1. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia ten por obxecto organizar funcionalmente a hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia e para tal efecto desenvolverá a obtención, preparación, tratamento, conservación, almacenamento, distribución e control da aplicación do sangue humano e dos seus derivados, así como a formación e investigación no campo da hemoterapia.

2. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia ten personalidade xurídica e patrimonio propios e configúrase como unha fundación pública sanitaria adscrita á Consellería de Sanidade, actuando baixo a denominación *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia*.

3. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia contará cunha dirección técnica e á súa fronte estará un médico especialista en hematoloxía-hemoterapia, que deberá posuír a experiencia práctica de titulación nas áreas correspondentes cun mínimo de dous anos, nun ou varios centros autorizados para desenvolver actividades relacionadas coa extracción, o estudo do sangue humano e os seus compoñentes, así como o seu tra-

tamento, almacenamento e distribución. Será a persoa responsable de:

a) Asegurarse de que cada lote de sangue ou de compoñentes sanguíneos sexa extraído, estudado, conservado e distribuído de conformidade co establecido legalmente.

b) Proporcionar información ás autoridades competentes nos procedementos de autorización, acreditación, inspección e control.

c) O cumprimento dos requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes e na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e os que a normativa vixente establece sobre persoal, calidade, documentación, rexistro, trazabilidade e notificación de efectos e reaccións adversas graves.

4. O persoal que interveña directamente na extracción, estudo, tratamento, conservación e distribución de sangue humano e os seus compoñentes estará cualificado para a realización des das tarefas, e recibirá formación oportuna, adecuada e actualizada periodicamente.

Artigo 3º.-Funcións e obrigas do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

1. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia terá as seguintes funcións:

a) A promoción da hemodoazón e plasmaférese voluntarias.

b) A programación e execución de todas as extraccións extrahospitalarias por medio de equipos móbiles.

c) O procesamento de todas as unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria.

d) A organización de locais permanentes de doazón homóloga nos centros sanitarios de titularidade pública.

e) O abastecemento do sangue e derivados a todos os hospitais públicos e aos privados que o demanden da Comunidade Autónoma de Galicia conforme as súas necesidades.

f) O fraccionamento do sangue para a produción dos compoñentes sanguíneos precisos para darlles cobertura aos requirimentos transfusionais dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma. Potenciarase a obtención de novos hemoderivados para cumprir como obxectivo final o abastecemento no tratamento das coagulopatías.

g) Avaliación da calidade dos reactivos e a tecnoloxía referente á seguridade transfusional.

h) Supervisar o cumprimento da normativa básica de avaliación da calidade dos servizos de transfusión.

i) Responsabilizarse do intercambio de plasma que se realice entre os servizos de transfusión e a industria fraccionadora.

j) Desenvolver a infraestrutura necesaria para a crioconservación do sangue e dos seus derivados así como da medula ósea, e do sangue do cordón umbilical.

k) Centro de referencia da tipaxe da histocompatibilidade (HLA).

l) Centro de referencia dos problemas derivados da inmunohematoloxía e hemoterapia.

ll) Realización das determinacións analíticas que estean dentro das funcións encomendadas ao centro e que sexan solicitadas polos hospitais.

m) Promover o desenvolvemento da investigación tendente á obtención de novos derivados do sangue para usos terapéuticos.

n) Promover a formación dos profesionais en materia de hemoterapia.

ñ) Colaborar cos centros transfusionais da rede nacional.

o) Calquera outra actividade tendente á coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doadores, extracción, tratamento procesamento e distribución do sangue e dos seus derivados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O envío de plasma á industria produtora de plasmaderivados realizarase preferentemente dende o Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia. Naqueles casos en que razóns de eficacia así o requiran, outros servizos de transfusión da Comunidade Autónoma poderán enviarlle directamente plasma obtido á industria fraccionadora, pero sempre baixo autorización e supervisión do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

3. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia terá as seguintes obrigas:

a) Establecer e manter un sistema de calidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio, asegurando a conservación, a documentación sobre procedementos operativos, directrices, manuais de formación e de referencia, e formularios de informes.

b) Adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación dos rexistros cando menos durante 30 anos e dispoñer dun inventario actualizado referente a doadores, recursos humanos e materiais, actividades dos diferentes servizos de transfusión e das necesidades do sangue, plasma e hemoderivados.

c) Establecer un sistema de identificación inequívoca de cada doazón de sangue e dos compoñentes sanguíneos que permita a plena trazabilidade informática desde o doador ata a transfusión e o seu receptor.

d) O establecemento e coordinación dun programa autonómico de hemovixilancia para a recollida e xestión de efectos adversos graves ou inesperados que se manifesten en doadores ou receptores.

Artigo 4º.-Servizos de transfusión.

1. Son servizos de transfusión aquelas unidades asistenciais de hospitais de titularidade pública ou privada vinculadas funcionalmente ao Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia, nas cales se almacena e distribúe sangue e compoñentes sanguíneos e nas cales se poden realizar probas de compatibilidade de sangue e compoñentes para uso exclusivo nas súas instalacións, incluídas as actividades de transfusión hospitalaria.

2. Nos servizos de transfusión figurará como responsable un médico especialista en hematoloxía-hemoterapia.

3. O persoal dos servizos de transfusión estará cualificado para o desempeño da súa actividade e recibirá

formación oportuna, adecuada e actualizada periodicamente.

Artigo 5º.-Funcións e obrigas dos servizos de transfusión.

1. Os servizos de transfusión desenvolverán as seguintes funcións:

a) A responsabilidade da planificación e execución da política hemoterápica e facilitar a promoción de sangue no seu ámbito de actuación.

b) Extracción do sangue intrahospitalaria, fundamentalmente dentro do programa de autotransfusión, sempre de acordo cos criterios de coordinación que estableza e autorice o Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

c) A promoción da autooazón no seu ámbito de actuación.

d) Participar nos programas de formación do persoal sanitario vinculado á hemoterapia.

e) Desenvolver tarefas de investigación nas funcións que teñan encomendadas.

f) Calquera outra función que por razóns de eficacia lle sexa encomendada no marco da Rede de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia.

2. Os servizos de transfusión terán as seguintes obrigas:

a) Establecer e manter un sistema de calidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio, asegurando a conservación, a documentación sobre procedementos operativos, directrices, manuais de formación e de referencia, e formularios de informes.

b) Adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación dos rexistros cando menos durante 30 anos.

c) O establecemento dun sistema informático de seguimento e trazabilidade das unidades transfundidas, garantindo a inequívoca identificación do receptor da transfusión e do laboratorio.

d) Establecer un programa de hemovixilancia para a detección, avaliación e xestión dos efectos adversos e problemas relacionados coa hemoterapia en coordinación co Comité de Transfusión e Hemoderivados do hospital.

Artigo 6º.-Autorización, acreditación, inspección e medidas de control.

1. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia axustará a súa actuación ás normas e instrucións emanadas da Consellería de Sanidade, á que, en todo caso, lle corresponde a planificación, coordinación, control, inspección e avaliación da súa actividade no ámbito da hemodoazón e hemoterapia da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Corresponderalle á Consellería de Sanidade autorizar e acreditar os servizos de transfusión sanguínea da comunidade autónoma, segundo o disposto no Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 29 de marzo de 2001 que o desenvolve. As autorizacións dos servizos de transfusión poderán ser revogadas polas causas previstas na normativa aplicable e polo incumprimento das directrices de planificación fixadas pola Consellería de Sanidade.

3. A Consellería de Sanidade realizará inspeccións e establecerá medidas de control adecuadas nos servizos de transfusión sanguínea a intervalos regulares que non superarán os dous anos, co fin de garantir que cumpren coa normativa vixente.

Artigo 7º.-Gratuidade do sangue.

1. Co fin de que se poida controlar a observancia do principio de gratuidade do sangue e os seus compoñentes doados, o Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia e os servizos de transfusión levarán a cabo unha contabilidade de todos os seus ingresos e gastos.

2. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia repercutirá aos hospitais os gastos imputables á extracción, procesamento e conservación do sangue e os seus derivados. Os ingresos derivados das actividades propias do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia estarán exclusivamente vinculados á satisfacción dos seus custos e ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 8º.-Comisión de Planificación Transfusional.

1. Corresponderalle á Comisión de Planificación Transfusional, órgano colexiado de carácter consultivo e dependente do Servizo Galego de Saúde, o asesoramento á Consellería de Sanidade e a coordinación nas materias de política hemoterápica, hemovixilancia e abastecemento de sangue do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia e os servizos de transfusión da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comisión de Planificación Transfusional terá a seguinte composición:

a) O director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Sergas, que actuará como presidente.

b) O subdirector xeral de Atención Especializada da División de Asistencia Sanitaria do Sergas, que actuará como vicepresidente.

c) Un representante da Dirección Xeral de Farmacia nomeado por ela.

d) Un membro da directiva da *Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia*.

e) Un representante nomeado polo director xeral da División de Asistencia Sanitaria, elixido entre os membros dos comités de transfusión e hemoderivados dos hospitais ou complexos hospitalarios do Sergas.

f) Un representante nomeado polo director xeral da División de Asistencia Sanitaria, elixido entre os membros dos comités de transfusión e hemoderivados dos hospitais comarcais do Sergas.

g) O director técnico de Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

h) Un representante do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia, nomeado polo director técnico deste.

i) Un representante dos comités de transfusión dos hospitais de titularidade privada, designado pola Federación de asociacións de centros de hospitalización privada de Galicia.

k) Secretario: un membro da Consellería de Sanidade ou do persoal do Centro de Transfusión de Galicia, que actuará con voz pero sen voto, nomeado polo director xeral da División de Asistencia Sanitaria.

Os membros que representan á *Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia*, aos comités de transfusión dos hospitais de titularidade privada, e aos comités de transfusión e hemoderivados dos hospitais ou complexos hospitalarios e hospitais comarcais do Sergas, serán nomeados para un período de dous anos, susceptible de prórrogas de igual duración.

3. A Comisión de Planificación Transfusional terá as seguintes funcións:

a) Estudo e avaliación de normas de declaración de stock.

b) Establecer os circuitos de solicitude de unidades de sangue e derivados, tanto programado como urgente, desde os servizos de transfusión ao Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia.

c) Asesorar a dirección técnica do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia no desempeño das súas funcións.

d) Estimular e impulsar o cumprimento das funcións do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia sinaladas neste decreto e especialmente no referente á promoción das doazóns e á utilización correcta do sangue e os seus derivados.

e) Realizar o seguimento do Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia.

f) Dinamizar o desenvolvemento do Programa autonómico da hemovixilancia e servir de órgano de comunicación entre os diferentes servizos de transfusión co Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia e as autoridades sanitarias.

4. A Comisión de Planificación Transfusional reunirse como mínimo unha vez ao semestre.

Artigo 9º.-Comité de transfusión e hemoderivados.

1. Nos hospitais ou complexos hospitalarios onde exista un servizo de transfusión establecerase, con carácter consultivo, un comité de transfusión e hemoderivados para contribuír á seguridade do sangue e os produtos sanguíneos.

2. O comité terá a seguinte composición:

a) Presidente: o director médico, ou persoa en quen delegue, do hospital ou complexo hospitalario.

b) Vicepresidente: o responsable técnico do servizo de transfusión.

c) Vogais:

Serán nomeados polo director ou xerente do hospital centro ou complexo hospitalario, para un período de dous anos, susceptible de prórrogas de igual duración.

O seu número estará en función do organigrama do hospital sendo elixidos fundamentalmente entre as seguintes áreas:

-Un representante da área cirúrxica do hospital.

-Un representante da área médica.

-Un representante do servizo de anestesia.

-Un representante do servizo de pediatría.

-Un representante do servizo de xinecoloxía e obstetricia.

-Un representante do servizo de farmacia hospitalaria.

-Un representante do servizo de urxencias.

d) Director do Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia ou persoa en que delegue, que será nato en todos os comités de transfusión e hemoderivados hospitalarios da Comunidade Autónoma.

e) Secretario: un membro do persoal do hospital ou complexo hospitalario nomeado polo director ou xerente, que actuará con voz pero sen voto.

3. Os comités terán as seguintes funcións:

a) Establecer normas para a transfusión do sangue e de produtos sanguíneos.

b) Realizar informes técnicos da práctica transfusional.

c) Supervisar o establecemento e facer o seguimento dun programa de hemovixilancia para a detección, avaliación e xestión dos efectos adversos e problemas relacionados coa práctica transfusional do hospital e instaurar os mecanismos necesarios que aseguren a trazabilidade de todos os hemoderivados transfundidos, tanto os produtos hábiles coma os procesados pola industria farmacéutica.

d) Promover a formación continua do persoal en medicina transfusional.

4. Os comités reuniranse polo menos dúas veces ao ano.

Artigo 10º.-Programa autonómico de hemovixilancia.

1. Créase o Programa autonómico de hemovixilancia da Comunidade Autónoma de Galicia para a recollida de reaccións adversas graves ou inesperadas que se manifesten en doadores ou receptores.

2. O Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia será a entidade encargada da recepción, xestión e avaliación dos datos referentes a reaccións adversas graves ou inesperadas, así como da elaboración e difusión do rexistro autonómico e dos informes xerados. Traslada esta información do Programa autonómico de hemovixilancia ás autoridades sanitarias autonómicas, as cales pola súa vez, a remitirán ao Ministerio de Sanidade e Consumo segundo proceda.

3. Os facultativos hospitalarios responsables da transfusión ou o hematólogo responsable da hemovixilancia no servizo de transfusión deberá declarar obrigatoriamente todas as reaccións graves imputables a todo o proceso da transfusión que, a corto ou longo prazo, poidan ter un risco vital para os pacientes.

O Centro de Transfusión de Galicia deberá declarar obrigatoriamente todas as reaccións graves imputables á doazón ou preparación de compoñentes sanguíneos.

4. Realizarase a declaración de reacción adversa no prazo de 72 horas a excepción daqueles casos que poidan requirir máis tempo para a confirmación do diagnóstico. Non obstante, aqueles incidentes relacionados ou sospeitosamente relacionados coa transmisión de enfermidades infecciosas, coa calidade e seguridade dos compoñentes ou naqueles que puidesen implicar a máis receptores deberían notificarse tan pronto como sexa posible.

5. A Consellería de Sanidade, a través do Centro de Transfusión de Galicia, remitirá aos facultativos, para a comunicación dos diferentes efectos adversos da trans-

fusión, os correspondentes documentos homologados establecidos para o efecto.

6. En todos os hospitais da Comunidade galega deberá existir un responsable do Programa de hemovixilancia, recaendo en principio esta responsabilidade na xefatura do Servizo de Hematoloxía e Hemoterapia ou persoa en quen delegue. A supervisión e seguimento do programa de hemovixilancia de cada hospital realizarase no seu Comité de Transfusión e Hemoderivados do mesmo.

7. O Centro de Transfusión de Galicia deberá almacenar unha seroteca ou plasmateca de mostras de todas as doazóns de sangue cando menos por un período mínimo de 15 anos.

8. Toda a información do Programa autonómico de hemovixilancia respectará o principio de confidencial e, de acordo coa lexislación vixente, deberá reunir os requisitos necesarios de protección dos datos almacenados.

Artigo 11º.-Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia.

O Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia integrará o conxunto de actuacións que se levarán a cabo na comunidade autónoma en materia de doazón de sangue humano, así como o uso con fins terapéuticos do sangue e os compoñentes sanguíneos.

Artigo 12º.-Obxectivos e programas do Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia.

1. Os obxectivos do plan serán garantir a calidade e seguridade de toda a cadea transfusional, acadar a autosuficiencia baseada na doazón voluntaria e altruísta do sangue, así como establecer un sistema de alerta e hemovixilancia na comunidade autónoma para prever, detectar e documentar os efectos adversos da transfusión do sangue humano e os seus compoñentes.

2. O plan desenvolverase, entre outros, mediante os seguintes programas:

a) Programa de acreditación de servizos de transfusión dirixido a acadar maior calidade e seguridade na cadea transfusional, incluíndo a actividade de autoadoazón de sangue humano e os seus compoñentes e o uso terapéutico destes.

b) Programa de voluntariado coordinado e dirixido polo Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia para á captación, selección e formación dos voluntarios na promoción da doazón altruísta de sangue e as actividades que van realizar estes.

c) Programa de promoción da doazón de sangue, tanto convencional como de compoñentes mediante aférese.

d) Programa de autosuficiencia en hemoderivados, no cal se incluírán as necesidades de produtos farmacéuticos que se van elaborar co plasma altruísta da comunidade autónoma, a utilización dos hemoderivados e o grao de cobertura da demanda.

e) Plan de Seguridade Transfusional que inclúa o Programa autonómico de hemovixilancia para a recollida de efectos ou reaccións adversas graves ou inesperados que se manifestan en doadores ou nos receptores.

Artigo 13º.-Aprobación do Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia.

1. A Consellería de Sanidade, elaborará o Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia que será sometido a trámite de audiencia á Comisión de Planificación Transfusional, *Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia*, Federación Galega de Doadores de Sangue, así como á Federación de Centros Privados de Galicia. O plan someterase á aprobación do Consello da Xunta de Galicia, e o seu acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As actuacións previstas no plan serán executadas pola Consellería de Sanidade e polo Centro de Transfusión Sanguínea de Galicia no ámbito das súas respectivas competencias ou a través de convenios.

#### *Disposición adicional*

Modifícase o artigo 2.6º do Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado do seguinte xeito: Centros de transfusión e servizos de transfusión.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-No prazo de tres meses dende a entrada en vigor do presente decreto, procederase á modificación dos estatutos da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia* recollidos no Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

Segunda.-No prazo de oito meses desde a entrada en vigor do presente decreto, os hospitais públicos ou privados aos que se lles concedese autorización dun banco ou depósito de sangue deberán solicitarlle á Consellería de Sanidade, para poder continuar con tales actividades, a renovación da dita autorización.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogados o Decreto 224/2002, do 20 de xuño, polo que se regula a hemodoazón-hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente decreto.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Sanidade para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e un de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Manuel González Álvarez  
Conselleiro de Sanidade